

Resolución do 25 de Outubro de 2023 do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, pola que se acorda realizar o pagamento de XURADO por expropiación para a obra PROXECTO DE TRATAMENTO SISTEMATICO INTEGRAL EFLUENTE ALTO CONTENIDO EN PIRITAS. RIOS LAVADOIRO, CHAMOSELO E EUME DA AUTOVIA AG-64 FERROL-VILALBA. (clave GA/00/77.1.E3), no concello de AS PONTES.

En cumprimento do artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa, do 26 de abril de 1957, acordo facer o pagamento de XURADO dos bens e dereitos afectados pola obra PROXECTO DE TRATAMENTO SISTEMATICO INTEGRAL EFLUENTE ALTO CONTENIDO EN PIRITAS. RIOS LAVADOIRO, CHAMOSELO E EUME DA AUTOVIA AG-64 FERROL-VILALBA. (clave GA/00/77.1.E3), no concello de AS PONTES que figuran expostos no taboleiro de anuncios do concello.

O pago realizarase mediante transferencia bancaria a quen figura como titular na acta previa. No suposto de cambio na titularidade da propiedade que figura na acta previa, deberán achegar documentación que acredite a transmisión da propiedade e DNI do novo titular.

Para proceder ao pagamento, os titulares dos bens e dereitos afectados deben proporcionar un certificado de titularidade da conta bancaria co número de conta completo (incluído IBAN e BIC) dentro dos quince (15) días naturais, no que todos os propietarios figuren conxuntamente como titulares. No caso de que no devandito período non se proporcione a documentación, a transferencia aos titulares non se poida levar a cabo e/ou a propiedade dos bens e dereitos afectados non se acredítase suficientemente, o importe do prezo xusto depositarase na Caixa Xeral de Depósitos.

A documentación requirida debe presentarse por calquera dos seguintes medios: nas oficinas de asistencia en materia de rexistros, nas oficinas postais dirixidas ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, 2-8ª planta, 15071 A Coruña), mediante presentación electrónica na dirección <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo
Felipe de la Vega Gándaras

